

**PREGUNTA DE AER RELATIVA AS OBRAS DA SENDA DO RÍO MACEIRAS, TRAMO AMEAL – PONTE DA LAMA (NO PROXECTO MAL NOMEADO COMO PONTE DE LEMOS). DEFECTOS NA CONSTRUCCIÓN DOS MUROS DE CONTENCIÓN (Rex. Entrada 02.07.2018, 2018-E-RPLN-14).**

PLENO 04 XULLO 2018. ACTA 09/2018

*O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:*

*“O 28 de decembro de 2018 Coersa, a empresa contratada para a realización da obra da senda do río Maceiras, tramo Ameal – Ponte de Lama, informa ó concello que procede subcontratar á empresa Cantería Carna, que curiosamente tamén presentara oferta para a mesma obra, para acometer a execución das unidades de obra 2.3 e 2.4 do orzamento do proxecto que corresponde con:*

*“Muro de mampostería de pedra granítica e o pavimento de lousas de granito Albero 40 abuxardada, que ditos traballos son subcontratados por un importe de 15.515,00€ o que corresponde a un 36% do importe aprobado”*

*No orzamento da obra constaba un orzamento de 14.062,50 € para a unidade 2.3 e de 2.045,60 € para a unidade 2.4.*

*A memoria do proxecto correspondente a esta obra indica literalmente no seu punto 5.2 que os muros de contención “Serán realizados en pedra tosca, irregular, sen barrenos con grandes ocos que permitan o crecemento da vexetación, os noiros oscilarán entre 1/1 e 1/2. (H/V) e a altura dos muros nunca excederá a do terreo”.*

*Como vostedes saben, ou deberían saber, non se respectou na construción do muro as condicións subliñadas no parágrafo anterior.*

*Descoñecemos a causa real deste incumprimento por parte da empresa subcontratada así como a deficiente supervisión dos traballos por parte do goberno local, polo que PREGUNTAMOS:*

***Que medidas ten pensado adoptar o concello para que se cumpra co proxectado nesta obra? Vai proceder ao abono dunha obra con tantas deficiencias e carencias na súa execución?”***

*Resposta: Miguel Álvarez: eu diría que a obra non está mal feita. Hai unha dirección técnica, hai unha enxeñeira forestal e é quen marca as cuestións técnicas. Ela deu resposta ás cuestións que marcaba Augas de Galicia. Dende que se iniciou vai con esas pedras. Me dá a impresión de que calquera obra que fagamos, lles molesta. No paseo de Maceiras estou moi orgulloso. É un río periférico, urbano. Se buscou que fose accesible para todo o mundo.*